



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

EXPEDIENTE: 2023/G010/000010

ACTA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA O DÍA 5/10/2023, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENCIA

DOMINGUEZ SISTO, Aurea (AdV)

CONCELLEIROS

PARTIDO POPULAR (PP)

INSUA LAGO, Luis Manuel
RODRIGUEZ NEMIÑA, Susana
TRABA FERNANDEZ, José Manuel
SUAREZ SILVA, Jenifer
CANOSA TRILLO, Manuel

ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (AdV)

MARTINEZ TRABA, Francisco
LESTON REDONDA, Francisco Antonio

PARTIDO SOCIALISTA (PSdeG – PSOE)

MARCOTE SUAREZ, José
DOMINGUEZ LADO, Alexandre

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

SAR OLIVEIRA, Xan Carlos

SECRETARIO - INTERVENTOR

VÁZQUEZ CAMPAÑA, Marcos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 5/10/2023, réunense no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución do Pleno, requírese a asistencia dun tercio do número legal de membros da corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quorum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso, requírese a asistencia da Presidenta e do Secretario da corporación ou de aqueles que legalmente os substitúan.

Comprobado polo Secretario - Interventor, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración do acto segundo as disposicións vixentes, a Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o

contido da seguinte

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTIVA

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, PARA DETERMINAR OS DIAS CON CARÁCTER DE FESTAS LOCAIS, PARA O ANO 2024.

3º) PROPOSTA DA ALCALDIA-PRESIDENCIA, SOBRE RETRIBUCIONS DOS CARGOS PUBLICOS E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

4º) MOCIÓNS DE GRUPOS POLÍTICOS

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

5º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECEMENTO.

C) ROGOS E PREGUNTAS

6º) ROGOS E PREGUNTAS.

Seguidamente, procede a asumir as funcións de Secretario-Interventor do Concello de Fisterra, D. Marcos Vázquez Campaña, e tamén como Tesoureiro en virtude da Disposición Transitoria Sexta párrafo 3º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén a Sra. Alcaldesa preguntando se algún membro da Corporación, quere formular algunha observación, ao contido da acta da sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación o día 3/08/2023, distribuída coa convocatoria.

Ao non facer uso da palabra ningún membro da corporación, a Sra. Alcaldesa somete a votación a proposta de aprobación da acta da sesión do Pleno da Corporación de 3/08/2023, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, PARA DETERMINAR OS DIAS CON CARACTER DE FESTAS LOCAIS, PARA O ANO 2024.

Vista a comunicación dirixida a este concello por parte do SMAC, pertencente á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, no que solicitan a determinación por parte do pleno da corporación dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable deste termo municipal para o vindeiro ano 2024.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Declarar festivos locais para o ano 2024 os seguintes días: 1 de abril (luns) e 6 de setembro (venres)

2º) Notificar este acordo ao SMAC de A Coruña, pertencente á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, para o seu coñecemento e demais efectos que tiveran lugar.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

3º) PROPOSTA DA ALCALDIA-PRESIDENCIA, SOBRE RETRIBUCIONS DOS CARGOS PUBLICOS E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse lectura á Proposta da Alcaldía, que literalmente di o seguinte:

“De conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; co establecido no artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; así como da modificación introducida polo artigo 4 da Lei 9/1991, de 22 de marzo, pola que se modifican determinados artigos da Lei 25/1983, do 26 de decembro, de incompatibilidades de altos cargos; da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; da Lei de Contratos do Estado e da Lei 24/1988, de 28 de xullo, do mercado de valores.

Tendo en conta o que se establece na Lei 31/2022, do 31 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, na súa Disposición Adicional Vixésima sétima, de réxime retributivo dos membros das corporacións locais.

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACION

1º) Recoñecer unha dedicación parcial do 95% a esta alcaldía, para o desempeño das súas responsabilidades corporativas, a partir do día de hoxe, polo seguinte importe:

Habitantes	Referencia BOE (100%)	Proposta 95% (14 pagas)	Proposta 95% (mensual)
1.000 a 5.000	46.464,02 €	44.140,81 €	3.152,91 €

Este importe será bruto, ao que se terá que descontar a porcentaxe do IRPF e cotas á seguridade social que correspondan.

Este importe anual, distribuirase en 12 pagas mensuais, e 2 pagas extraordinarias, que se percibirán nos meses de xuño e decembro.

Fisterra, 29 de setembro de 2023

A Alcaldesa

Asdo. Áurea Domínguez Sisto”

Acto seguido a Sra. Alcaldesa inicia unha quendas de intervencións.

- Intervén o voceiro do grupo popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago, manifestando que:
“ Dous meses do anterior pleno volve a traer a mesma proposta sen chamar para negociar, o PP foi o gañador e só un acordo entre o resto das forzas perdedoras que foron as que a apoiaron non permitiron que en Fisterra non gobernara o PP, fomos os únicos damnificados, somos nós os que non podemos levar a cabo o programa pero vólvolle a plantear a mesma opción que hai dous meses, pídolle que non o queiran todo. Somos un grupo responsable e de goberno, que lles parece un goberno forte para Fisterra con 8 concelleiros que traballen por e para Fisterra respectando o elixido



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

polos veciños nas pasadas eleccións municipais, así dentro deste acordo poderíamos tratar este punto que tanto lle interesa.

-Intervén o sr José Marcote: “ despois de ter falado con vostede a semana pasada, entendemos que hai un traballo feito que hai que seguir se non queremos perder 4 anos, non podemos chegar á radio e facernos perder o tempo. Nós entendemos que para gobernar hai que ter un programa, porque para facer o de todos os días chega cun capataz, e necesario telo senón a lexislatura poderíase facer demasiado longa, se non que queremos perder 4 anos, temos que contar cunha folla de ruta clara.

Aprobar a dedicación exclusiva sen un programa, imos pasar 4 anos sen facer cousas polo Concello que nos van quedar por falta de tempo

-Intervén o sr Xan Carlos Sar quen manifesta: “ o noso grupo segue a pensar o mesmo que no mes de xuño, entendemos que unha persoa que que traballa ten dereito a cobrar e nós non queremos facer da política un espazo ao que se poidan dedicar uns poucos, todo o mundo ten dereito a dedicarse á política. Voulle recriminar que se victimice vostede e o seu grupo coa bandeira feminista, manifestando que é un ataque á súa condición de muller, permítame dicirlle que esta vostede errando bastante. Eu entendo que os compañeiros da Corporación, nin do PSOE, nin do PP, nin moito menos Susana e Jennifer sexan machistas, entendo que é algo político, tampouco creo que Alternativa dos Veciños sexa machista. Dígoo por que Cangas ata o mes pasado a alcaldesa do BNG estivo sen cobrar e non lle votaban o soldo os de Alternativa dos Veciños ao final chegaron a un acordo non só polo salario da Alcaldesa senón tamén polos de Alternativa.

Polo que dixo o Sr. Marcote xa empezou a falar coa parte do PSOE e nós dicir que votamos sempre a favor deste punto. O mellor é chegar a un acordo cos grupos que a apoiaron para sacar adiante os proxectos que se traían ao Pleno (acordo de mínimos para unha boa gobernabilidade).

A votación respecto a este punto queda **con 3 votos a favor do grupo Alternativa dos Veciños, 1 do BNG, e 5 en contra do PP, e 2 do PSOE. Polo tanto non é aprobada a dedicación da Sra Alcaldesa.**

A sra. Alcaldesa agradecelle a todos a súa intervención e a continuación replica e di:

“ Eu fun investida o día 7 de xullo como Alcaldesa, van 3 meses. Eu véxome criticada porque só lle lavo a cara ao Concello. Encóntrome coas obras:

-Mellora viario da rúa da Charca (FASE I), Nunca máis se soubo.

Pregúntovos aos concelleiros que formávedes parte do goberno (excepto Manuel e Susana)

A Resolución da Alcaldía é de data 22/06/2022, a autorización de Patrimonio xa existía desde maio (29/05/2020)

Xa procede polo tanto do ano 2020,

Imos licitala porque non me facedes falta para eso.

-Mellora Viario Rúa da Charca (FASE II)

Cun presuposto de 83.125 €, podía estar licitada desde o 22/06/2022 a autorización sectorial existe desde o 29/05/2020 a obra non se fixo, vós saberedes o porqué.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-Mellora Viario San Martiño de Abaixo:

Aprobouse no Pleno coa presenza de todos vós excepto os que nomei antes que non estaban nin o noso grupo, en setembro de 2022.

A obra ascendía a 89.552 €, esta obra tardou en conseguir a autorización de patrimonio e conseguiuase o 5 de xuño de 2023, é certo que nesta data estaban as eleccións pasadas.

-Mellora do firme Rúa Cabo de Fisterra:

Temos autorización de Estradas desde o 29/03/2023, Patrimonio desde o 25/08/2022 e podíades presumir de ter feitas estas obras, cun presuposto de 83.295 €. Licitáremola nós en breve.

-Mellora Camiño da Insua (FASE II)

Cun presuposto de 75.006 € e subministros 64.736 €

Está en proceso de licitación

-Mellora de saneamento augas pluviais na Rúa Real, cun presuposto de 86.832,60 € en proceso de licitación

-Mellorade saneamento na Rúa Alcalde Fernández e Náufragos: presuposto: 94.144,21 € en proceso de licitación.

-Mellora de firme na Rúa Federico Avila cun presuposto de 73.086,98 €.

-Hoxe reuníme con presidente de Portos, Instalación de pósitos de aerotermia para polideportivo (1 axuda concedida) Mellora de instalacións (grifos, duchas, e ventanas) O presuposto ascendía a 39.876, a axuda pedímola o 7 de xullo e xa nos concederon 31.901 €.

-Pavimentación viario Ermedesuxo de Arriba, tíñadela vós xa preparada cun presuposto de 49.903 €, subvención de 39.922, Licitada por nós.

-Adquisición de 1 camioneta para recoller residuos, vidros e colectores, cun presuposto de 88.6221, e concedeusenos unha subvención o 90%.

Témola concedida tamén no ano 2021. Pedímola e xa nola concederon eso que non temos ninguén de Alternativa dos Veciños nin na Deputación nin na Xunta nin no Estado de España.

-Mellora de accesibilidade

Subministro dunha rampa de acceso na praia de Sardiñeiro cun presuposto de 47.098 €.

As nominativas da Deputación sen usar

-O pavillón o orzamento ascende a 340.165 €, cunha subvención de 272.132 €

Esta obra está en execución hai que facer unha execución orzamentaria importante polo menos 150.000 € por deficiencias na elaboración do proxecto, daremos conta ao momento de finalizala.

-Mercado Cultural.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Tamén é unha obra vosa, cun presuposto de 513.132, subvención concedida de 200.000 €. Fixemos nós a licitación, acto ao que vos invitamos pero non quixestes asistir.

-Nas obras da Rúa Lagares (Fase 1 e Fase 2) Fixésteas vós,
Na Fase 1, unha modificación orzamentaria un aumento que supuxo 4.000 €.
Na Fase 2, unha modificación supuxo un incremento de 14.000 €, porque provocaba un estreitamento entres fincas.

-Rehabilitación das marquesinas de todo o Concello:
Empezamos pola estrada Fisterra – Coruña, e iremos rehabilitándoas todas, e faremos 2 marquesinas en Sardiñeiro. Xa están aprobadas por estradas e encargadas.

-Limpeza da Rede de pluviais (tajeas) Eliminación do plumacho polos traballadores do Obradoiro de Emprego, o noso tractor do Concello. Empezamos cos lavadoiros , en principio deixamos o de Mallas xa moi ben e imos ir pouco a pouco nos lavadoiros de todo o Concello, como temos no nosos programa electoral e si imos cumprilo.

-Iluminación pública do municipio.

Iniciamos a mellora evitando a contaminación lumínica, faremoslle caso ao sr. Marcote, para evitar a contaminación.

Se isto non lle parece ben, eu creo que antes o que traballaba no Concello era o capataz o Alcalde non, agora hai Alcaldesa á quen se lle nega o soldo, as vosas razóns teredes (nin machistas, nin feministas), si revanchistas.

Eu estou agora mesmo sen salario en toda a Comunidade son a única.

Quero denunciar neste foro a utilización política que se lle está facendo ao meu salario, unha utilización que nada ten que ver con facer oposición, unha utilización revanchista que no mellor noutras épocas era aceptado, non procede nestes tempos.

Os que estades aquí (Alcaldes) noutro momento cobrastes, uns cos apoios dos outros. Sobre as vosas consciencias queda.

Eu mañá estarei no Concello traballando para todos vós e todos os veciños/as.

4º) MOCIÓNS DE GRUPOS POLÍTICOS

O grupo PP presenta a Moción co seguinte contido:

Queda rexeitada por Votos a favor (5 do grupo PP), Votos en contra (3 de AV, 2 PSOE, 1 BNG)

Intervencións:

-Intervén o voceiro de Alternativa dos Veciños, o señor Francisco Antonio Lestón Redonda, manifestando que:

“votamos en contra desta Moción porque non é un asunto para tratar neste Pleno senón no Congreso dos Deputados”.

Intervén o Sr. Marcote do grupo PSOE: “ consideramos que é unha Moción preventiva, queremos poñer a venda antes da ferida. Unha Lei de Amnistía non a pode aprobar Pedro Sánchez, é unha Lei Orgánica, que necesita para a súa aprobación de unha maioría absoluta.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Tamén lle digo, se temos que elixir entre ter a Vox no Goberno de España ou unha Amnistía, eu prefiro a Amnistía.

A Alcaldesa intervén dicindo que remate e se ciña.

O PP ten dereito a facer moitas cousas que os demais partidos non temos dereito a facer. Se se aproba unha Lei de Amnistía no Parlamento é como todas as Leis.

Intervén o Sr. Xan Carlos, do BNG:

“ O PP é especialista na manobra de distracción. A Lei non existe, non é unha realidade porque non hai ningunha proposta sobre a Mesa en relación á Amnistía, nin existe nada formal nin se coñece o seu posible contido ao respecto.

Pero o PP, os vossos xefes convérteno no centro da súa maquinaria de propaganda para forzar aos Concellos galegos a que se debata sobre o que pode pasar ou non en Cataluña, só para non ter que debater sobre os verdadeiros asuntos de interese para as galegas e tamén para os fisterráns.

Vós non traedes unha Moción ao Pleno para falar da mala xestión do PP en Galicia, podeades traer unha moción para esixir que a Xunta arranxe o problema dos autobuses, transporte público da Comarca, os rapaces e a xente maior indo de pé.

Tampouco traedes nada sobre a situación da sanidade e as listas de espera nin sobre a privatización da Sanidade. Nós xa o temos traído e votastes en contra, ou a privatización dos coidados a terceira idade, non traedes nada sobre eso, nós xa o trouxemos, así como tampouco trouxestes nada para defender as cotas de pesca. Dende o PP queredes levantar unha cortina de fume para non falar dunha nula xestión do PP en Galiza, mentres falamos de Cataluña, non falaremos do resto mentres o PP pretende tomar posesión sobre unha lei inexistente e de contidos políticos e xurídicos descoñecidos que si existen e teñen forma política e xurídica unha proposta de reforma de regulamentos no congreso que si nos afecta a nós pois por primeira vez na historia permítese o uso oral e escrito da lingua galega no congreso, pódese falar galego no congreso por fin e pódese presentar algo en galego.

O nacionalismo galego e o movemento de defensa do idioma leva moitos anos loitando para facer realidade e agora que é posible tivo en contra os votos do PP, o que é máis triste aínda que tivo en contra os voto do do PPdG, ata fan burla do noso idioma, rebaixándoo a un problema de pinganillos cando é evidente que axudaría moitísimo a darlle prestixio socialmente ao noso idioma, do PP de Génova non esperamos nada, resulta patético ver cómo poden renegar da súa lingua do seu pobo os representantes galegos no Congreso.

Só por contentar aos vossos amos de Madrid.

O PP tamén é especialista en negar calquera avance democrático no recoñecemento de dereitos tanto individuais como colectivos. Utilizan agora por medio desta Moción o argumento de que a Amnistía non cabe na Constitución, permítame que lle diga que esa afirmación é falsa, pois a Constitución Española non fala para nada de Amnistía e precisamente por iso cabe dentro de interpretación de norma, pois o que non está prohibido é perfectamente posible tanto desde un punto de vista político como xurídico pero hai que lembrar que non é a primeira vez que o PP utiliza este argumento e se equivoca, como tamén no seu momento considerou que o divorcio non entraba na Constitución, e que o aborto era inconstitucional e tamén era inconstitucional o



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

matrimonio entre persoas do mesmo sexo, foi considerado como algo alleo á Constitución. Foron precisas as normas ás que recoñecían novos dereitos e que suman novos avances democráticos que levaron aos do PP ao Tribunal Constitucional alegando que non teñen cabida na Constitución

O PP segue intentando parar avances sociais e políticos.

O PP no ano 2012 co goberno de Rajoy e co ministro Montoro á cabeza di que defendiu a Amnistía que pretendía que as persoas con rendas declaradas nos anos 2008, 2009 e 2010 o que permitía regular a situación e que permitía blanquear supoñía un absoluto privilexio fiscal para persoas defraudadoras e de feito xa se demostrou quen se ía beneficiar (políticos e empresarios) implicados nas principais tramas de corrupción do Estado. Esas son as amnistías que lles gustan ao PP, mais neste caso por sorte o Tribunal Constitucional tomou ese intento de amnistía fiscal. Ademais tamén temos que destacar que desde o BNG, estamos a favor de chegar a acordos políticos.

A seguinte Moción preséntaa o Grupo Socialista:

INTERVENCIÓNS:

Sr. Luis Insua Lago do PP quen manifesta: “ esta é unha típica moción do PSOE, tamén podía ser do BNG,

Para o Pleno que vén tocará a da Sanidade porque están a porta as eleccións autonómicas.

A educación pública é un asunto primordial para a Xunta de Galicia, así o demostran os resultados , non o dicimos nós senón expertos tan prestixiosos como o coordinador do programa.

Vou citar tres logos: as mellores ratios profesor/alumno de España, somos a Comunidade Autónoma con menos profesores interinos de España, 8% fronte ao 25% de Media Estatal e o 70% das aulas en Galicia teñen 20 ou menos alumnos.

Intervén o sr. Francisco Antonio do grupo Alternativa dos Veciños quen manifesta: “ non somos Suíza pero case. Estamos aí, o noso grupo municipal está de acordo coa Moción presentada polo PSOE, en todos os seus puntos e imos votar a favor.

Intervén o sr. Xan Carlos Sar quen di: “si, nós tamén imos votar a favor, non podemos estar máis de acordo. Tiñamos unha moción moi parecida. Lembrar que a Xunta recorte en Educación pero onde de verdade recorte é non rural. Fisterra está no rural os logros dos que falas ti Luis, non son aquí, nin en ningún colexio do rural.

Nös mantivemosnos nos anteriores mandatos quero recordarlle que aquí traballaban máis que o capataz, outra cousa é que fixeramos as cousas mal ou ben, Aquí traballaba alguén máis. Tivemos reunións con representantes de Educación da Xunta.

Sra. Alcaldesa:

Tamén eu fago máis que pintar fontes e duchas.

Sr. Xan Carlos Sar:

Eu non dixen nada, ao contrario.

Sra. Alcaldesa:

Non te sintas aludido, eu non cho dicía a ti.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sr. Xan Carlos Sar:

-Dixestes que no anterior goberno só traballaba o capataz pois eu estaba no anterior goberno.

Nós mantivemos reunións cos representantes da Xunta en Educación e había respostas delirantes como cando pedimos hai sete anos o cambio de portas e ventanas porque facía moito frío e un representante da Xunta dixo que puxeran un felpudo, seguen esperando polas ventanas e portas no Colexio Mar de Fóra.

Tamén hai que recordar que no centro Mar de Fóra seguen esperando polo tan prometido patio cuberto para poder realizar educación física, acórdaste Traba, que volo prometeron cando construíron a Escola Infantil e non se fixo nada e eso quedou no aire.

Sr. Xan Carlos Sar: Tamén o conserxe ao ser un colexio municipal que é competencia da Xunta, para eso hai un informe xurídico pero eso é debate para outro día.

Procedemos a votar a Moción: Votos a favor (2 PSOE, 1 BNG, 3 AV)
Votos en contra: 5 do grupo PP.

Queda aprobada por 6 votos a favor e 5 en contra. Queda aprobada por unanimidade.

Moción do Grupo Alternativa dos Veciños:

Preséntaa o Sr. Francisco Antonio Lestón Redonda como portavoz do grupo:

INTERVENCIÓNS:

Sr. Luis Insua:

“Nós estamos de acordo co que se solicita na Moción, interésámonos polo asuntos desde o minuto 1 da problemática. Eu persoalmente estiven en contacto con estudantes e viaxeiros da liña regular: nais, pais, ao fin de encontrar unha solucións, nos 3 días conseguíuse que a empresa puxera esta solución, non é a mellor solución para que quedara nas paradas, nos tamén cremos que non é a solución ideal ao medio longo prazo débese atopar unha solución definitiva e creo que a mellor das solucións sería un reforzo da liña pero entendo que terán que mirar o histórico a ver se isto é algo moi puntual ou se se vai demorar no tempo, entonces supoño que terán que facer os estudos oportunos para esixir que a empresa actúe cunha solución efectiva.

Hai unha segunda moción do grupo PSOE, procede a expoñela o Sr. Marcote:

“Intervén a sra Alcaldesa e di: “Este é un acto institucional e podeades estar aquí como oíntes pero sen intervir, non podeades participar”

Procedemos a votación 11 votos a favor, ningún en contra.

O sr. Francisco Antonio Lestón Redonda como portavoz do grupo Alternativa dos Veciños presena a seguinte Moción.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

INTERVENCIONS:

-Sr. Luis Insua:

Nós estamos de acordo co que se solicita na Moción, interesámosnos polo asunto. Eu persoalmente estiven en contacto con estudantes e viaxeiros de liña regular: nais, pais aos fins de encontrar unha solución e aos 3 días conseguíuse que a empresa puxera esta solución que non é a ideal, ao medio ou longo prazo débese atopar unha solución definitiva e creo que a mellor das solucións sería un reforzo de liña pero entendo que terán que mirar o histórico a ver se isto é algo moi puntual ou se se vai demorar no tempo, entón supoño que terán que facer os estudos oportunos para esixir que a empresa actúe cunha solución definitiva.

Sr. Marcote do grupo PSOE:

-Nós estamos totalmente de acordo, se vos fixades unha parte da Moción anterior sobre educación versaba tamén sobre transporte, é un problema xenérico. Educación Secundaria non obrigatoria (aí é onde está o problema) máis grave. E preciso transporte par esa parte (sobre todo no rural), aí é onde están os problemas ese tramo é o máis desasistido.

Sr. Xan Carlos Sar:

-Estamos a favor da Moción, non pode ser doutra maneira, pero aí na Moción hai que cambiar diría que había que cambiar onde pon: " polo anteriormente exposto", non o Grupo de Alternativa dos Veciños, senón o Pleno do Concello de Fisterra.

Intervén a Sra. Alcaldesa dicindo:

-Se estamos todos de acordo, si.

Con quen se deberían poñer en contacto os do PP, sería coa Conselleira.

Neste Pleno xa se presentaron máis Mocións como á que facía referencia o Sr. Marcote. A ver se conseguimos outro autobús pola mañán.

Vótase a Moción e é aprobada por unanimidade.

- Intervén o voceiro do grupo Alternativa dos Veciños Sr. Francisco Antonio Lestón Redonda, manifestando que

- Intervén o voceiro do grupo Socialista Sr. José Marcote Suárez, manifestando que

- Intervén o voceiro do grupo BNG, Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, manifestando que

Acto seguido, sométese a votación a proposta da alcaldía, e o pleno da corporación, por catro (4)votos a favor (3 AdV e 1 BNG) e sete (7) votos en contra (5 PP e 2 PSdG), acorda rexeitar a proposta da alcaldía en todo ou seu contido.

Intervén a Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, manifestando que agora vouvos facer un discurso.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

5º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECEMENTO.

Para cumprir co establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía, que van do número 2023/G003/00000397 de 31/07/2023 ata a número 2023/G003/000___ de 2/10/2023.

Intervén o Sr. Marcote: “ só unha dúbida sobre un Decreto cunha orde de pago”.

Intervén a Sra. Alcaldesa: “ é unha sanción”. Recibimos unha notificación unha vez que vos marchastes nós montamos regulamentariamente onde tiñamos que montar, nós fixemos un proxecto e adaptámosnos a iso e aceptaron, e no anterior caso

6º) ROGOS E PREGUNTAS

Intervén o voceiro do grupo Popular, Sr. Luís Manuel Insua Lago:

“Finalmente dóuselle algunha solución aos vendedores de peixe e froita do mercado municipal para exercer a súa actividade durante o período que duran as obras do mercado, sí estamos estudando xa temos o espazo. Permítame que antes llelo comuniquemos a eles e logo a vós, por e acaso non o aceptan máis que nada. Que criterios están a seguir para a colocación de pivotes na vía pública? Porque estes días aparecen algúns novos por aí.

Intervén a Sra. Alcaldesa: “ eu sigo os criterios que manda a Policía Local. Anoto a pregunta e traerille a resposta no próximo Pleno. Sigo os criterios de quen sabe, por suposto.

Sr. Luis Insua: “ Tense pensado acondicionar o Colexio Areouta de Sardiñeiro?”

Sra. Alcaldesa: “ Defina a que se refire con adecuar? Pechámolo?”

Sr. Luis Insua: “ Adecuar e pechar son sinónimos?”

Sr. Alcaldesa: “ Nós xa fixemos o que nos pediu a directora, fíxonos unhas peticións e cumprimolas todas”.

Sr. Luís Insua: “ Quen pagou o mural do Colexio Mar de Fóra?”

Sra. Alcaldesa: “ Aínda non rematou para ser pagado, de todas formas, nós concertamos entre o Colexio e o Concello unha serie de melloras, tales como pintura



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

dalgunhas aulas, pasillo, levamos e pintamos de branco o muro, totalmente preparado e concertamos con eles o modelo do debuxo, pero eles pagan o que pintan. A pintura do mural corren eles con ela.

Sr. Lui Insua: “ A AMPA”

Sra. Alcaldesa: Non, Educación pero eu non podo contestar esa pregunta, eu contesto o que paga o Concello. Pagou a limpeza do muro, esas mans de imprimación, despois ven o graffitero e eso xa é cousa deles; teño que preguntar se é a AMPa ou Educación, pois non o sei.

Sr. Luis Insua: “Tedes programado acondicionar algunhas estradas do rural que están totalmente destrizada?”.

Sra. Alcaldesa: Temos que acabar co voso plan desde o 2022, o que agradecería que me dixeran por qué, 16 obras que temos pois claro que si. Ti estabas na oposición.

Sr. Luis Insua do grupo PP: “ podes incluírme pero non é o noso Plan”.

Sra. Alcaldesa: “pero ti farías o mesmo control que me fas a min”.

Sr. Luis: “ repito que non é o noso Plan “

Insisten os do PP: “ (Sr. Traba): “ Non é o plan noso”

Sra. Alcaldesa: “ A verdade que non fixestes nada; a ver se agora traballades un pouquiño máis e me facedes algo de control, pero bueno non vai facer falta. Eu, o que quero, é que traballades. Arranxar as estradas non é plan voso.

Sr. Luis Insua: Ese non é o plan noso.

Sra. Alcaldesa: “ eu penso que é o plan de todos os que estamos aquí”.
O meu plan é o de calquera, PSOE, BNG, PP sempre que sexa para Fisterra. Eu nunca votarei que non a unha obra, vaia para o Val de Duio, Val de Sardiñeiro, Fisterra.

Sr. Luis Insua: e nós fixémoslo?. Non o sabes. Nunca estivestes nun Pleno.

Sra. Alcaldesa: Sabes o que che digo, o que si sei é que deixastes sen facer todas estas obras, só con esixirillo a eles xa o facemos.

Sra. Alcaldesa: pois a min non mo exisiron e xa o fago.

Sr. Luis: “ Coméntase tamén que houbo un percance coas impresoras”.

Sra Alcaldesa: “ Qué quere saber? A que percance se refire?”

Sr. Luis: “ Eu non podo preguntar logo.

Sr. Francisco Martínez: “ Levamolas para casa “.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sr. Luis: “ as impresoras non, pero ao mellor outras cousas, xa se verá co tempo, non pasou nada logo non?”

Sra. Alcaldesa: “ o percance si se refire a que adquiriu unha impresora, ese é o percance.

Sr. Luis Insua: “ eu estou preguntando, ti podes contestar o que ti consideres”.

Sra. Alcaldesa: “ O Concello adquiriu unha impresora nova, pois si”.

Sr. Luis Insua: “ Pedistes permiso a Medio Ambiente para quitar as plantas invasoras? Podo pasar mañá a recollelo e o de Sardiñeiro tamén?”

Sr. Alcaldesa: “ por suposto”.

Sr. Luis: “ Está exposto aos veciños o programa deportivo do Concello (os horarios, actividades que vai haber) Os outros Concellos xa comezaron, non sei se non hai programa este ano.

Sra Alcaldesa: “ Si que hai, o que pasa é que á técnica de deportes (eu penso que está publicado) dixo que se empezaba despois da carreira.

Sr. Luis: “ noutros Concellos xa está”.

Sra. Alcaldesa: “ noutros Concellos eu non son a Alcaldesa”.

Sr. Marcote: “ A modificación do Plan Xeral estivo exposta en Medio Ambiente para alegacións, ese prazo rematou en agosto se non recordo mal e simplemente preguntaba se chegou o informe.

Sra. Alcaldesa: “Non, non sei se hai que reclamalo.”

Sr. Marcote: “ O tempo pasou e deberían estar aquí pero bueno..”

Sra. Alcaldesa: “no, non chegou, trasladareille ao técnico que mire cómo está, que nolo devolvan.”

Sr. Marcote: “ O plan do casco vello que estaba pendiente de informar por costas era o último informe que faltaba para poder levar a aprobación provisional.”

Sra. Alcaldesa: “ Non”

Sr. Marcote: “ Entonces sería interesante informarnos si, como xa pasou o prazo para emitir o informe si se pode seguir co procedemento e cando chegue o informe (sendo este posterior) sexa vinculante porque despois como hai que volver a mandalo outra vez cando se aprobe definitivamente. Hai procedementos que se poden seguir porque pasou o prazo para emitir o informe cando chegue independentemente de que chegue a posteriori é vinculante. Entonces eu probaría en aras de axilizar ese plan aí parado, se mire a posibilidade de seguir co procedemento.

Sra Alcaldesa: “ Recollemos o rogo e xa miramos”.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sr. Marcote: “ xa que se fala tanto das obras que nós non fixemos que máis quixéramos nós que telas feitas porque segurament se as fixeramos hoxe vostede non estaba aquí.

Sra. Alcaldesa: non pode dicir eso.

Sr. Marcote: Voulle explicar porque hai momentos de prioridades de problemas administrativos. O que sí é verdade é que nós non o fixemos a propósito. Tontos non somos.

Sra Alcaldesa: pois son catro máis catro.

Sr. Marcote: Pois sen embargo hai outras que por datas deberían ir detrás pero nós entendemos que por prioridade foron antes, iso tamén lle pode pasar a vostede. Cando teña un plan de obras da Deputación e teña 4, 5, 6 obras para licitar e executar vostede ten que decidir cál vai antes.

Sr. Marcote: simplemente dicir unha cousa, Ten que ter coidado coa Xunta de Galicia coas cuestións das competencias impropias porque son moi dados a cargarlle ao Concello competencias que son súas.

Sra. Alcaldesa: Díoo por algo en concreto ou non,

Sr Marcote: podería dar detalles pero son pequenos.

Sra. Alcaldesa: Agradézolle porque me atribúe algo que non me pasou.

Sr. Marcote: Antes comentou Kuka o asunto do bedel. Nós temos informes da Deputación onde din que esa competencia non é do Concello entonces asumir competencias que non corresponden.

Sra Alcaldesa: Agradézolle a advertencia.
Aínda que de momento non asumín ningunha.

Sr. Marcote: Esperemos,

Sra. Alcaldesa: por que o di? Eu sempre vou facer o mellor para os fisterráns.

Sr. Xan Carlos SAR: A ordenanza de caravanas que o noso grupo ten presentado onde e cando se vai debater?

Sra. Alcaldesa: De momento esa Ordenanza (Nós tamén temos un modelo) non se trata dun modelo ou outro, máis ou menos son todos iguais en principio solitámoslle ao técnico os espazos onde poderían ir neso está o técnico de acordo co PXOM estamos a traballar con eso, o que pasa é que bueno, o técnico vén 2 días á semana, 1 día fai atención ao público e outro está con nós, e imos un pouco lento no dos espazos pero bueno temos 3 espazos. Despois todos xuntos decidiremos se nos gustan. Hai que adecualos e presentar un presuosto desa adecuación. Non é ler esa ordenanza e xa está estámola traballando para presentar e que despois cun par de comisión quede o asunto listo.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

SR. Xan Carlos: “ Era para saber porque entendemos que non ten que quedar outra vez olvidada no caixón. E un problema que hai9 que darlle solución.

Falei tamén no pleno das papeleiras que se mercaron para poñer na Langosteira. Entendo que estades cambiando as papeleiras pero na Langosteira non se meteron onde se tiñan pensado meter.

Sra Alcaldesa:

Non sabía que as papeleiras tiñan un nome. Puxémolas onde facían falta e onde non había siguen quedando.

Sr Xan Carlos:

A pregunta é: ides poñer máis papeleiras no paseo de Langosteira?

Sra Alcaldesa:

Si, e se queredes facernos unha suxerencia, non tes máis que dicilo.

Sr Xan Carlos:

Desde a Cruz de Baixar ata os Muíños Vellos non hai ningunha. Como vai comezar os camiños forestais.

Sra Alcaldesa:

A limpeza de camiños e montes,

Sr. Xan Carlos: si

Sra. Alcaldesa:

A limpeza de camiños e montes xa a empezamos

Sr. Xan Carlos:

O de contraincendios contaba cunha subvención.

Sra. Alcaldesa:

O luns voume reunir cuns especialistas para ver cómo facemos con esa subvención

Sr. Xan Carlos:

Hai camiños aí no monte do Cabo que dan ao cemiterio, que non se pode pasar por eles. Pasarlle un tractor por aí non estaría de máis.

- Vaise contratar algún auxiliar de Policía Local para cubrir as vacacións da Policía.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sra. Alcaldesa:

Non, porque unha vez que pasou o verán entres eles os 3 fóronse arranxando de feito me parece que Angel empeza o luns e despois iranse turnando.

Sr. Xan Carlos:

Vaise facer algunha bolsa de emprego para substituír ao condutor do camiión do lixo?

Porque hai que deixar que desfrute das vacacións e se non lembro mal tamén se lle debía algún día de días festivos traballados.

Sra. Alcaldesa:

Eso é algo que nós xestionamos co noso persoal (tanto o do lixo coma o resto)

Sr. Xan Carlos:

Pero que eu saiba non tedes outra persoa que poida coller o camiión do lixo.

Sr. Alcaldesa:

Xa nos zafaremos legalmente por suposto.

Sr. Xan Carlos:

Penso que é mellor que fagan unha bolsa de emprego ou que contrate temporalmente a alguén.

Sra. Alcaldesa:

Si, si, imos facela como non.

Sr. Xan Carlos:

Ao Concelleiro de Cultura: se se van celebrar as xornada micolóxicas"

Sra. Alcaldesa:

De momento non as temos programadas porque temos un problema co local.

Sr. Xan Carlos:

Pero podería facerse a saída ao monte, era algo que tiña moi boa aceptación por parte de moita xente.

Sr. Francisco Lestón:

Non sei se imos poder facer a exposición debido ao local.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sr. Xan Carlos:

Vaise seguir co programa Trasmallos da Cultura?

Era un programa onde o Concello axudaba a editores locais.

Sra. Alcaldesa:

O de Cultura case todo ten continuidade.

Sr. Xan Carlos:

“ o último libro que se presentou en Fisterra (o da Salgaduras) non estaría de máis que se presentara. Facer unha compra importante de libros.

A pregunta sobre o rego do paseo marítimo.

Sr. Francisco Lestón:

Si, tivemos un verquido, temos un punto na estrada xeral onde hai que estar moi atentos porque se atasca de vez en cando, cando ti denunciaches aquel verquido, nós tardamos 2 días en detectalo onde era. Non tiñamos coñecemento da rede de sumidoiros como tiñades vós. Cando o atopamos soluciónamolo e agora estamos recurrentemente mirando para que non volva pasar.

Era na estrada xera en fronte ao Hotel, non ten moita caída e hai que desatascar, porque se tiran cousas como toallitas que non son propias dos sumidoiros.

Sr. Xan Carlos:

A varanda que falta por poñer no parque de Vilar, e tamén dixeran no pleno pasado que se quedara de facer un desmonte na parte traseira da escola.

Sr. Francisco Lestón:

Xa quedamos para mirar iso para o venres pola tarde para non ocupar a mañá.

Sr. Xan Carlos:

Unha pregunta: onde vós deixan poñer as marquesinas en Sardiñeiro?

Sra Alcaldesa:

Cara aquí na fragua e a casa de Marisa, onde está agora pintada a liña de bus, pois alí.

Sr. Francisco Lestón:

Onde remata o vado, ata onde empeza o paso de peóns.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Sra. Alcaldesa:

Cara Cee, o mesmo onde remata o vado ata onde empeza o paso de peóns, aí hai que levantar a beirarrúa facer unha plataforma e aí é onde vai ir.

Sr. Xan Carlos:

A nós non nos deixaron.

Sra. Alcaldesa:

Déixaronnos sen problema, temos a Autorización simplemente temos que facelas un pouco máis estreitas van ser de 1 m de ancho en vez de 1,20 m.

ROGOS:

Sr. Xan Carlos:

Que se desbroce o merendeiro que está en Camiños Vellos, a herba medra, tamén que se desbrocen os merendeiros de Cabanas, e o Faro e unha finca que é do Concello que está na rúa Angustias.

Sra Alcaldesa:

Xa a limpamos a semana pasada.

Sr. Xan Carlos:

En referencia á limpeza de Mar de Fóra, da que falamos no Pleno pasado hai que facer unha limpeza máis a fondo, pasei por alí e os camiños con adoquíns están cheos de herba que hai que rascar.

Sra. Alcaldesa:

Neso estamos agora, limpando regos, en previsión das choivas que van vir.

Sr. Xan Carlos:

Vou facer un rogo en relación á acampada. Xa non hai acampada en Mar de Fóra porque as bota sempre fóra o mar. Eu xa sei que é algo difícil de erradicar pero polo menos hai que intentar non tirar co que se conseguiu.(sacar un campamento continuo). Con nós tamén había tendas de campaña porque é moi complicado sacalas todas. Pero refírome ás que están na praia durante o mes de agosto, eu vou bastante á Mar de Fóra, e había 6 ou 7 tendas diarias durante 15 días. Iso é porque nunca vai a Policía Local.

Sra. Alcaldesa: " si, que vai, si . A policía local vai dentro do seu horario, non vai de noite, nin sábados nin domingos pero durante a semana si.

Sr. Xan Carlos:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Outra cousa é onde se esconden nas fincas privadas, á 4 da tarde. Se marchan ás 4 da tarde, están a tempo de quitala. Eu só pido que a policía local se dedique un pouco máis a quitar os campamentos e se deixe de perder o tempo como no mes de agosto que van recibir a uns turistas que veñen nun cruceiro, que suben a un autobús e van ao faro e logo se dirixen a Compostela.

Sra. Alcaldesa:

Non estou de acordo co que dis. E ti se o pensas tampouco. Son profesionais coma a copa dun pino. Fan o que nós lles mandamos. Eles non van a recibir a ninguén. Ese día houbo efectivamente a natación en augas abertas, e tamén estiveron asistindo.

E gratuítamente dicir iso. Parece mentira en ti dicir iso, que estivestes dentro. Eu penso que temos os mesmos policía locais que tiñades vós.

Sr. Xan Carlos:

Eu digo que á Policía Local ás veces hai que mandalos. Eu nunca quitei unha tenda en Mar de Fóra, (non teño autoridade).

Sr. Francisco Martínez:

Na praia de Rostro houbo un camión desplegado cunha tenda de campaña dous meses que chegada dun lado a outro.

Sr. Xan Carlos:

Eu si o vira si.

Sr. Francisco Martínez:

Eu si porque vivo alí.

Sra Alcaldesa:

En todo caso, eu quero dicir que a Policía Local non perde nunca o tempo, están traballando sempre a todas as horas. Outra cousa é que o que fagan sexa a pracer de cada un, eso é imposible, pero que se diga que perden o tempo non me parece adecuado.

Sr. Xan Carlos:

Parece que se entendi mal o que dixen. A policía local debería prestarlle máis atención aos campamentos de Mar de Fóra.

Sra Alcaldesa:

Fan o que nós lles mandamos sobre todo eu que son a súa xefa.

Sr. Xan Carlos:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Eu non falo do que fai ou deixa de facer a policía local, creo que estades desviando o tema. Eu digo que a policía local debería ir máis aos campamentos de Mar de Fóra, no mes de agosto en vez de estar recibindo os visitantes do cruceiro que non van deixar nada en Fisterra.

Sra. Alcaldesa:

É xente que chega ao faro e hai que ordenar o tráfico. Era un sábado.

Sr. Xan Carlos:

Matiza: " Eu lévome ben con eles".

Sra. Alcaldesa:

No verán fan falta tres municipais, máis en vez de tres seis. Pero que fallan os que hai non, fariannos falta tres máis, incluso deberíamos conseguir cubrir sábados e domingos.

Eu vexo alguén nun domingo nunha hamaca na praza e tampouco teño autoridade para retirala porque non domingo non hai policía.

Sr. Xan Carlos:

Eu non estou criticando a Policía Local, eu non os mandaba recibir uns guiris que veñen nun cruceiro, eu mandábaos ir a Mar de Fóra.

Sra. Alcaldesa:

Ese día tamén tiñamos unha ambulancia medicalizada esperando polos nadadores. Fun eu quen os mandei alí.

Sr. Xan Carlos:

Eu non falo mal da Policía local.

Sra. Alcaldesa:

Entonces falas mal de min.

Algunha intervención máis?

E non tendo mais asuntos dos que tratar a Sra. Alcaldesa, levanta a sesión sendo as 21:54 horas, do que, como secretario , dou fe.